

2ª AVALIACIÓN

BLOQUES 5-8 século XIX (1º PARCIAL)

1. Crise da monarquía absoluta (abdicacións e ocupación napoleónica).
2. As Cortes de Cádiz e a constitución de 1812.
3. A restauración de Fernando VII e do absolutismo (as etapas do reinado).
4. A construción do estado liberal (principios do liberalismo e diferenzas entre as diferentes familias políticas).
5. A Revolución Gloriosa e a constitución de 1869.
6. A I República (proxecto de constitución federal e cantonalismo).

Proposta de estrutura da Composición

Proposta 2:

Introducción (breve): Indica os principais asuntos que vas a tratar na composición e define o seu marco temporal (Procura non copiar a introducción aportada polo profesor)

Desenvolvemento da composición con referencia aos documentos. Ten que facerse referencia a:

1. **Contexto histórico** e contidos aos que se refiren os textos.
2. Debe tratarse de aludir a **causas**, características dos feitos e ideas expostas e as súas **consecuencias**.
3. Na exposición **tes que introducir algunhas citas textuais e alusións aos textos** do comentario para explicar ou poner exemplos do tema que se está a desenvolver. Estas citas e alusións deben ser coherentes e pertinentes.
4. A **relación entre os textos propostos deberá ser establecida mediante a redacción** e as referencias ao contexto histórico, evitando parafrasear e elaborar parágrafos pequenos que semellen guións.

Conclusións a modo de resume e apuntando ás consecuencias históricas a medio-longo prazo.

1. Crise da monarquía absoluta (abdicacións e ocupación napoleónica)

- En 1788 empezou a reinar **Carlos IV**. De carácter afable e débil (e *de curtos alcances e moi escaso entendemento*, segundo o seu pai), confiou nas cuestións de goberno [Carlos IV] no consello e nas opinións da súa muller, María Luísa de Parma, actitude que foi obxecto de burlas, presentándoo como marido terno e compracente.
- Tocoulle vivir unha época de grandes cambios orixinados pola Revolución Francesa, polo que ó longo do seu reinado produciuse a crise progresiva da monarquía tradicional española.
- O temor ao contaxio revolucionario levou ao goberno de Carlos IV, dirixido polo **conde de Floridablanca**, a realizar un severo control da propaganda revolucionaria, fundamentalmente por medio da Inquisición. Pero as medidas non lograron evitar que as ideas revolucionarias se estendesen por España.

- **En 1792**, os acontecementos en Francia agraváronse coa abolición da monarquía e a detención de Luís XVI.
- Sentíndose ameazadas, as distintas monarquías europeas saíron en defensa dos dereitos reais do monarca francés e atacaron os revolucionarios, pero foron incapaces de derrotalos.
- **En España**, a actitude a tomar foi vacilante. A finais de **1792**, **Manuel Godoy** foi nomeado Secretario de Estado. Fidalgo de ambición desmedida, alcanzou o poder aos 25 anos grazas á protección e aos favores da raíña María Luísa, pasando nuns poucos meses de cadete da Garda Real a Tenente Xeneral, Grande de España e Duque de Alcudia. Inicialmente tratou de negociar e conseguir a liberación de Luís XVI.

- **En 1793**, despois da execución do rei francés, España entrou na guerra contra os revolucionarios franceses (**Guerra dos Pirineos ou da Convención**).
- A falta de preparación e as continuas derrotas obrigaron a Godoy a asinar a paz en 1795 (**paz de Basilea**), conseguindo este o título de Príncipe da Paz.
- A partir de entón, a política exterior de España orientouse a buscar e consolidar a **alianza coa Francia revolucionaria para facer fronte ás ameazas de Gran Bretaña sobre o comercio americano**; esta alianza asinouse en 1796 (**Tratado de San Ildefonso**), o que provocou que os enfrontamentos cos ingleses fosen constantes.

- **Despotismo de Godoy e alianza con Napoleón: Entre 1792 e 1800**
 - A división ideolóxica aumentou favorecendo o enfrontamento e a loita polo poder entre os partidarios das reformas e os da tradición.
 - En 1801 os partidarios da tradición desprazaron do poder os ilustrados. Os reis confiaron de novo en Godoy quen, a partir de entón, converteuse no máximo responsable da política da Coroa, actuando como un alter ego do rei co título de Xeneralísimo.
 - Coas súas actuacións e sumando títulos, honores e poder, **Godoy provocou as críticas e a oposición de numerosos grupos e personalidades: do príncipe de Asturias (Fernando), da Igrexa, da nobreza, dos ilustrados e tamén do pobo**, molestos polo seu ascenso, pola súa intimidade cos reis, polo seu estilo de vida, pola acumulación de honores e riquezas e polo seu despotismo á hora de gobernar.-
- Paralelamente, o **contexto internacional** foi cada vez máis negativo e prexudicial para a Coroa de España. Os enfrontamentos bélicos contra Inglaterra foron continuos e provocaron a quebra do comercio con América, a ruína do Estado e unha crecente supeditación a Francia (gobernada por Napoleón desde 1799).

- Os enfrontamentos navais hispanofranceses fronte aos ingleses foron desastrosos, acabando estes por conseguir o dominio absoluto dos mares tras a vitoria na batalla de **Trafalgar (1805)**.
- Co obxectivo de causar graves prexuizos económicos a Gran Bretaña, en 1806 Napoleón decretou o bloqueio continental contra os seus barcos e mercadorías, así como a invasión daqueles países que non o respectasen
- O non cumprimento deste boicot económico por parte de Portugal, tradicional aliado dos ingleses, levou a Napoleón a planificar a súa conquista contando co apoio de España.
- A cambio da autorización do paso por territorio español de tropas francesas, acordouse o reparto de Portugal e a creación do reino dos Algarves para Godoy (**Tratado de Fontainebleau, 1807**).
- En 1808, os movementos das tropas francesas cara a Portugal e a ambición de Godoy provocaron un crecente malestar na Corte e no pobo.

- Os enfrontamentos dentro da propia familia real, cos intentos de Fernando de facerse co poder, levaron a Napoleón a considerar a posibilidade de facerse co control da monarquía española.
- **A crise da monarquía española: A comezos de 1808, a entrada e presenza das tropas** francesas en España causou un forte malestar popular. Así mesmo, Godoy, que sospeitaba dunha posible xogada de Napoleón para facerse co dominio de España, ademais de Portugal, propuxo a Carlos IV a retirada cara a América (como xa fixeran os reis de Portugal). **O traslado dos reis a Aranjuez incrementou os temores populares**
- Estes temores e descontento foron aproveitados polos partidarios do príncipe Fernando para continuaren conspirando.

- En marzo de 1808 produciuse o **Motín de Aranjuez**. Grupos de alborotadores, contando co apoio dos gardas e dos nobres partidarios de Fernando (futuro Fernando VII) asaltaron o pazo real e obrigaron a Carlos IV a abdicar no seu fillo Fernando, que foi recoñecido como rei de España (19-3-1808).
- Temeroso da evolución dos acontecementos, Carlos IV pediu axuda a Napoleón manifestándolle as verdadeiras razóns polas que tivo que abdicar.

Texto 1

Señor meu irmán: VM saberá sen dúbida con pena os sucesos de Aranjuez e as súas resultas (...). Eu non renunciei en favor do meu fillo senón pola forza das circunstancias, cando o estrondo das armas e os clamores dunha garda sublevada me facían coñecer a necesidade de escoller entre a vida ou a morte, e a esta última seguiría a da raíña. Eu fun forzado a renunciar (...). Dirixo a VM. unha protesta contra os sucesos de Aranjuez e contra a miña abdicación. Entrégome e enteiramente confío no corazón e amizade da VM.*

CARLOS IV. Carta a Napoleón. 23-3-1808 [castelán]

[* A protesta consta nun documento asinado polo monarca o 21 de marzo no que dicía: Protesto e declaro que o meu decreto de 19 de marzo, no que abdiquei a Coroa en favor do meu fillo, foi un acto ao que me vin obrigado contra a miña vontade, para evitar males maiores e a efusión de sangue dos meus amados vasalos. En consecuencia, debe ser considerado nulo e sen ningún valor].

As abdicacións de Baiona e o reinado de Xosé I Bonaparte:

- Os sucesos de Aranjuez foron para Napoleón un claro testemuño da crise política e da decadencia da monarquía española.
- Coa escusa de mediar nas súas disputas, reuniu en Baiona (Francia) os membros da familia real española.
- Fernando foi obrigado a devolver a coroa a seu pai Carlos quen, a súa vez, cedeu os seus dereitos a Napoleón; a cambio, ambos foron recompensados con cuantiosas posesións, rendas e privilexios en Francia. Despois, **Napoleón nomeou o seu irmán Xosé, daquela rei de Nápoles, como rei de España.**

Texto 2

SM o rei Carlos, que non tivo en toda a súa vida outra mira que a felicidade dos seus vasallos (...) resolveu ceder, como cede pola presente, todos os seus dereitos ao trono das Españas e das Indias á SM o emperador Napoleón, como o único que, no estado a que chegaron as cousas, pode establecer a orde; entendéndose que esta cesión só ha de ter efecto para facer gozar aos seus vasallos das condicións seguintes:

- 1. A integridade do reino será mantida (...).*
- 2. A relixión católica, apostólica e romana será a única de España (...).*
- 3. S.M. o Emperador obrígase a dar asilo nos seus Estados ao rei Carlos, á súa familia, ao Príncipe da Paz, (...), os cales gozarán en Francia dun rango equiparable ao que tiñan en España.*

Convenio entre Carlos IV e Napoleón. 5-5-1808 [castelán]

Textos 3 e 4

O príncipe de Asturias adhírese á cesión feita polo rei Carlos dos seus dereitos ao trono de España e das Indias a favor da SM o Emperador dos franceses, rei de Italia e Protector da Confederación do Rin e renuncia a todos os dereitos que posúe como príncipe de Asturias á Coroa de España.

Convenio entre Fernando, príncipe de Asturias, e Napoleón. 10-5-1808[castelán]

Napoleón, pola graza de Deus Emperador dos franceses (...) a todos os que o presente viren, saúde. Facéndonos saber a Xunta de Estado, o Consello de Castela, a vila de Madrid etc., por representacións, que o ben de España esixía que se puxese un pronto termo ao interregno, resolvemos proclamar rei das Españas e das Indias ao noso moi amado irmán Xosé Napoleón, actual rei de Nápoles e Sicilia.

NAPOLEÓN. Decreto de cesión da Coroa española. 6-6-1808 [castelán]

- Coa finalidade de conseguir partidarios, Napoleón convocou en Baiona unha Asemblea ou xunta de deputados españois representantes dos tres estamentos tradicionais.
- Despois de xurar fidelidade ao novo rei, Xosé I Bonaparte, a Asemblea de Baiona aprobou unha lei na que se regulamentaban as relacións entre o novo rei e os seus súbditos.
- Aínda que se trataba dunha lei fundamental do Reino, non era propiamente unha Constitución, xa que non foi obra da Asemblea de Baiona, senón do propio rei; tiña, pois, o carácter dunha **Carta Outorgada (Estatuto de Baiona p. 60 apuntamentos)** .
- **¿Que é unha Carta Outorgada?** → Ley básica del Estado aprobada por el monarca y, por tanto, concedida al pueblo. Establecía una leve separación de poderes, el reconocimiento de algunos derechos civiles y mantenía la soberanía real. Podía ser revocada por el rey sin necesidad de consultar a las Cortes.

A Guerra de Independencia (1808-1814)

- O traslado da familia real a Francia provocou un gran malestar en Madrid. O **Dous de Maio de 1808**, os madrileños amotináronse contra os franceses liderados polo **xeneral Murat**; as noticias da rebelión e da súa sanguenta represión provocaron a sublevación xeral en toda España.
- Esta insurrección popular marcou o inicio dunha longa e cruenta guerra.
- Ante a escaseza de tropas españolas, a loita e defensa do territorio foi asumida polas masas populares.
- En xeral, predominou un patriotismo fanático defensor da tradición, da relixión e dos dereitos do rei Fernando VII.

- A superioridade militar dos franceses obrigou os españois a adoptaren a **guerra de guerrillas** para se defender. **A guerrilla** baséase na formación de pequenas partidas ou cuadrillas de homes que, apoiándose no coñecemento do terreo e contando coa axuda da poboación, atacaba as tropas francesas en accións limitadas sen presentar nunca unha batalla frontal.
- Algúns xefes das partidas de guerrilleiros, como **Espoz Mina, Juan Martín Díaz o Empecinado, o crego Merino**, pasaron a se converter en heroes populares e as súas fazañas foron recollidas pola literatura e a tradición oral.
- Os españois contaron coa axuda inglesa para expulsaren os franceses.

Fases da Guerra:

1ª fase → (maio-novembro de 1808):

- Estivo caracterizada polo intento de ocupación francesa e o levantamento popular dos españois, que fixo fracasar os plans de Napoleón de ocupar rapidamente o país.
- Destaca a **vitoria española en Bailén, onde foi derrotado o exército francés** de Andalucía e obrigou a Xosé I e ás súas tropas a retirarse cara Vitoria. Foi a primeira derrota infrinxida ó exército napoleónico en campo aberto.

2ª fase → (novembro de 1808-xaneiro de 1812):

- Foi de claro dominio francés grazas ao grande exército (máis de 250.000 soldados) dirixido polo propio Napoleón.

- As principais **ciudades tiveron que capitular** tras sufrir heroicas resistencias (como a de Zaragoza, onde destacaron o xeneral Palafox e Agustina de Aragón), e prolongados sitios (caso de Xirona defendida por Álvarez de Castro).
- Ao mesmo tempo, as tropas inglesas enviadas en axuda dos españois, eran perseguidas ata A Coruña, onde reembarcaron despois de perder ó seu xeneral, Sir John Moore, na **batalla de Elviña (16-1-1809)**.
- **Únicamente Cádiz e Lisboa resistiron** a ocupación francesa amparadas nas súas defensas e nas axudas británicas.
- **En Galicia**, tras unha inicial ocupación (xaneiro de 1809) polas tropas dos Marsicais de Campo **Soult e Ney**, a liberalización do territorio foi realizada fundamentalmente polo pobo.

- Numerosas partidas de guerrilleiros, moitas delas financiadas polos mosteiros, atacaron constantemente os franceses. Cidades, vilas e aldeas sufriron asedios e saqueos. A resistencia popular foi clave en accións como a reconquista de Vigo (28-3-1809).

3ª fase (xaneiro de 1812-abril de 1814)

- Estivo marcada polo **repregamento francés e a ofensiva angloespañola**.
- A campaña de Rusia obrigou a Napoleón a empregar parte das tropas que estaban en España, situación que foi aproveitada polas tropas anglo-hispanas comandadas polo **Duque de Wellington**.
- Conseguiron a **vitoria de Arapiles (preto de Salamanca) en 1812**, vitoria que obrigou os franceses a abandonar o sur da Península.
- A continua diminución dos efectivos franceses, para facer fronte ás guerras que Napoleón mantiña en Europa, permitiu aos exércitos de Wellington gañar as batallas de Vitoria e San Marcial en 1813. **A guerra rematou en 1814 co triunfo definitivo de españois e ingleses.**

- O fin do conflito é reflectido no **Tratado de Valençay** a finais de 1813, asinado entre Fernando VII e Napoleón, polo cal Fernando VII “o desexado” pode volver ó trono.
- Os afrancesados son acusados de traidores e vense obrigados a exiliarse debido á persecución que sofren.

TEXTO 1.XUNTA XERAL DO PRINCIPADO DE ASTURIAS. Carta [ao rei Xurxo III de Gran Bretaña]. 26-5-1808 [castelán]

O Principado de Asturias, reunido na Xunta Xeral de representantes, en quen reside toda a soberanía polas particulares circunstancias (...), antes de caer na escravitude dun conquistador (...) e animado coa dor de ver nas cadeas dun tirano violador de todos os dereitos ao seu desgraciado rei Fernando VII e demais familia real, tomou neste día valorosamente as armas na súa defensa para recobrar a monarquía, cando non poidan as súas persoas (...).

Acude, pois, o Principado, por medio dos seus deputados con plenos poderes, a solicitar da V.M. os auxilios oportunos na presente situación.

TEXTO 2. XUNTA SUPREMA CENTRAL GOBERNATIVA DE ESPAÑA E INDIAS. *Reglamento das Partidas e Cuadrillas*. 28-12-1808 [castelán]

I. Cada Partida constará de 50 homes de a cabalo, pouco máis ou menos, e doutros tantos a pé, que montarán xuntos en caso necesario. (...)

XIV. A elección de armas que han de usar déixase ao arbitrio de cada comandante (...). En cuanto ao traxe, cada cal levará o que teña, polo menos por agora.

XV. Será seu o botín do inimigo que vencesen por si mesmos ou apresasen como diñeiro, xoias e roupas que lle encontren encima ou tomen en equipaxes ou recuas e repartirano entre si (...). XXII. O exercicio dos partidarios será interceptar as Partidas do inimigo (..), impedir que entren nos pobos (...), incomodalos nas súas marchas con tiroteos desde as paraxes axeitadas (...).

XXIII. Cando se crea conveniente reuniranse dúas, tres ou máis partidas para impedir ou (...) interceptar os convois ou alarmalos con ataques falsos, especialmente polas noites, coa fin de non deixalos descansar.

Texto 3

Galegos: chorastes a sorte do voso amable Fernando; arde nos vosos corazóns o horror á perfidia coa que foi seducido, temedes pola vosa sagrada relixión, (...) mirades xa na vosa imaxinación profanados os altares (...). Chegou o caso: o voso reino (...) resumiu a autoridade soberana, que en tales circunstancias lle compete por dereito, e fai dela o primeiro exercicio, condescendendo aos vosos desexos tan ruidosamente declarados. Tedes xa caudillo; tómense as decisións máis vigorosas; correde pois ás armas, vamos defender a causa de Deus, o honor da nosa Patria, as nosas vidas e facendas (...). Galegos: alistádevos de dez a corenta anos, pois mellor é morrer pola vosa relixión e os vosos fogares e a vosa Patria, que ir cegos ao matadoiro por satisfacer unha ambición desmesurada.

XUNTA SUPREMA DO REINO DE GALICIA. Proclama. 5-6-1808 [castelán]

- Destaca a creación de “**Xuntas**” ou “**Xuntas de Goberno**” dende ben cedo, a nivel local e provincial.
- Ante a falta de coordinación, as xuntas provinciais forman a **Xunta Suprema Central de España e Indias**.
- Dirixen e coordinan a defensa das cidades
- **Dualidade dentro das Xuntas: absolutistas vs Liberais**. Ambos queren expulsar ós franceses pero con distintos fins:
 - Absolutistas → restaurar ós Borbóns e o Antigo Réxime.
 - Liberais → aproveitar a coxuntura para acabar co absolutismo e implementar reformas
- A división queda patente na convocatoria das **Cortes de Cádiz**, as cales son convocadas pola rexencia da Xunta Central.

2. As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812

- Durante a Guerra, xurde a necesidade de convocar cortes Xerais e extraordinarias para lexitimar a acción política ante o baleiro de poder
- Obxectivos:
 - Implementar reformas.
 - Sondar a vontade política do país.
- **Nobreza + Igrexia → volta ó absolutismo vs Liberais → reforma política.**
- En que consiste a reforma política desexada polo sector liberal?
 - Restrinxir o poder real.
 - Establecer unha **Constitución baseada na soberanía nacional e separación de poderes.**
- As Cortes reúnen-se en **Cádiz o 24 de setembro de 1810.**

- **Composición heteroxénea (predominio de clases medias urbanas)**, pero divididos en dous bloques: absolutistas e liberais.
- Estas **cortes promulgan** decretos que:
 - Eliminan estruturas do Antigo Réxime, establecendo un novo modelo liberal.
 - As reformas afectan a cuestións políticas, xurdías, económicas e sociais.
 - A proclamación da **soberanía nacional e a separación de poderes (1810)** foi a primeira medida que tomaron os deputados de Cádiz, establecendo unha nova lexitimidade política: fronte á soberanía real de orixe divino, proclamaron a soberanía nacional, soberanía que residía nas Cortes porque elas representaban a nación española; fronte ao poder absoluto, defenderon a separación de poderes.
- **Esta acción política é elaborada por e para unha elite**, polo que as masas populares influenciadas pola Igrexa consideraron as reformas como algo negativo para a tradición, os costumes e a relixión.

Doc. 2. Composición social dos deputados das Cortes de Cádiz:

Condición	Número	%
Clero	89	29,5
Funcionarios e cargos	82	27,2
Avogados e profesiones liberais	53	17,6
Militares	42	13,9
Nobres e propietarios	123	7,6
Comerciantes e industriais	12	3,9
Total	301	100

“Os deputados que compoñen este Congreso, e que representan á nación española, decláranse lexitimamente constituídos en Cortes xerais e extraordinarias e que reside nelas a soberanía nacional. As Cortes (...) recoñecen, proclaman e xuran de novo polo seu único e lexítimo rei ao señor don Fernando VII de Borbón; e declaran nula, de ningún valor nin efecto a cesión da Coroa que se di feita a favor de Napoleón, non só pola violencia que interveu naqueles actos inxustos e ilegais, senón principalmente por faltarlle o consentimento da nación. Non convindo queden reunidos o poder lexislativo, o executivo e o xudicial, declaran as Cortes xerais e extraordinarias que se reservan o exercicio do poder lexislativo en toda a súa extensión. As Cortes (...) habilitan os individuos que compoñían o Consello de Rexencia para que (...) exerzan o poder executivo. “

CORTES DE CÁDIZ. Decreto I. 24-9-1810 [castelán]

- **19 Marzo de 1812 → apróbese a primeira constitución española “A Pepa”.**
- Recolle o espírito e as ideas do liberalismo:
 - **Monarquía como forma de goberno** pero co poder limitado pola Constitución.
 - Soberanía da nación (**Soberanía Popular**), xa que establece sufraxio universal masculino indirecto.
 - Ríxida **separación de poderes**:
 - Executivo → monarca (xefe de Estado e de goberno).
 - Lexislativo → Cortes unicamerais + monarca (ten que sancionar e promulgar as leis).
 - Xudicial → Tribunais de xustiza.
 - Recolle **dereitos e liberdades dos cidadáns (non son súbditos)**, especialmente:
 - Liberdade de prensa e de opinión.
 - Igualdade ante a lei e ante as cargas do Estado (impostos proporcionáis á riqueza e servizo militar obrigatorio).
 - Propiedade individual como dereito básico, garantido polo Estado e asegurado mediante a Milicia Nacional (para orde público).

- **Elimínase a diversidade administrativa e lexislativa do Antigo Réxime** e imponse unha lexislación que eliminaba os particularismos dos antigos reinos medievais e os privilexios forais (**unitarismo e centralismo político**).
- Declárase España como un **Estado confesional católico**.
- Globalmente, é moi texto revolucionario (altera as bases do Antigo Réxime), pero paralelamente fai concesións á tradición (estado confesional).
- Finalmente, a Constitución **non tivo aplicación práctica debido ó contexto bélico** (Guerra de Independencia).
- **Fernando VII derogou a Constitución** e a obra lexislativa das Cortes á súa volta, pero tamén supuxo un referente incuestionable para as posteriores constitucións.

Constitución española. 19-3-1812 [castelán]

No nome de Deus todopoderoso, Pai, Fillo e Espírito Santo, autor e supremo lexislador da sociedade. As Cortes xerais e extraordinarias da nación española (...) decretan a seguinte Constitución (...):

Art.1. A nación española é a reunión de todos os españois de ambos hemisferios. (...)

Art.3. A soberanía reside esencialmente na nación e polo mesmo pertence a esta exclusivamente o dereito de establecer as súas leis fundamentais. (...)

Art.4. A nación está obrigada a conservar e protexer (...) a liberdade civil, a propiedade e os demais dereitos lexítimos de todos os individuos que a compoñen. (...)

Art.8. Tamén está obrigado todo español, sen distinción ningunha, a contribuír en proporción dos seus haberes para os gastos do Estado. (...)

Art.12. A relixión da nación española é e será perpetuamente a católica, apostólica, romana, única verdadeira (...) e prohibe o exercicio de calquera outra.

Art.14. O goberno da nación española é a monarquía moderada hereditaria.

Art.15. A potestade de facer leis reside nas Cortes co rei.

Art.16. A potestade de facer executar as leis reside no rei.

Art.17. A potestade de aplicar as leis en causas civís e criminais reside nos tribunais.

Art.131. As facultades das Cortes son: Propoñer e decretar as leis (...). Fixar os gastos da Administración pública (...) Establecer anualmente as contribucións e impostos (...) Protexer a liberdade política da imprenta (...) Facer efectiva a responsabilidade dos Secretarios de Despacho

TEXTO 3.

Art.1o. Todos os corpos e persoas particulares, de calquera condición e estado que sexan, teñen liberdade de escribir, imprimir e publicar as súas ideas políticas, sen necesidade de licenza, revisión ou aprobación ningunha anterior á publicación, baixo as restricións e responsabilidades que se expresarán no presente Decreto.CORTES DE CADIZ. Decreto 9. 10-11-1810 [castelán]

Art.1o. Desde agora quedan incorporados á nación todos os señoríos xurisdicionais de calquera clase e condición que sexan.

CORTES DE CÁDIZ. Decreto 82. 6-8-1811 [castelán]

Art.2. O Tribunal da Inquisición é incompatible coa Constitución.

CORTES DE CÁDIZ. Decreto 223. 22-2-1813 [castelán]

Art.1. Encontrándose suprimidos os Tribunais da Inquisición en toda a Monarquía española desde o 26 de xaneiro último (...).

Art.2. Desde este día en adiante pertencen á Nación estes bens.

CORTES DE CÁDIZ. Decreto 226. 22-2-1813 [castelán]

3. A Restauración de Fernando VII e do absolutismo (as etapas do reinado)

- Despois do **Tratado de Valençay (fin. 1813)** → entrega da coroa a Fernando VII por parte de Napoleón.
- Goberna de forma vingativa, empregando todo o seu poder como monarca absoluto.
- **Enfróntase ós liberais e o sistema creado nas Cortes de Cádiz .**
- Periodos do **reinado (1814-1833)**:
 - 1) **Sexenio absolutista (1814-1820)**
 - 2) **Trienio Liberal (1820- 1823)**
 - 3) **Década Ominosa (1823- 1833)**

- Aproveita o **contexto absolutista internacional**, pois Napoleón foi derrotado pola **Santa Alianza (Rusia, Austria e Prusia absolutistas) + Gran Bretaña**.
- Todas estas potencias están unidas contra os brotes liberais en Europa.

1. **Sexenio absolutista (1814-1820)**

- 1814** → Volta ó absolutismo con grande entusiasmo popular.
- Os liberais esixen o mantemento das reformas, pero os absolutistas defenen a plena soberanía do rei e a abolición das mesmas.
- Manifesto dos Persas** → Toma o nome do costume da antiga Persia de vivir cinco días de anarquía á morte do rei. Os absolutistas identifican esa anarquía co liberalismo vixente dende a Constitución de 1812.

12 de abril de 1814

SEÑOR:

Era costumbre de los antiguos persas pasar cinco días de anarquía después del fallecimiento de su rey, a fin de que la experiencia de los asesinatos, robos y otras desgracias les obligase a ser más fieles a su sucesor. Para serlo España a V.M. no necesitaba igual ensayo en los seis años de su cautividad. Del número de los españoles que se complacen al ver restituido a V.M. al trono de sus mayores, son los que firman esta reverente exposición con el carácter de representantes de España (...).

La monarquía absoluta (...) es una obra de la razón y de la inteligencia: está subordinada a la ley divina, a la justicia y a las reglas fundamentales del estado: fue establecida por derecho de conquista, o por la sumisión voluntaria de los primeros hombres que eligieron sus Reyes. Así que el Soberano absoluto no tiene facultad de usar sin razón de su autoridad (derecho que no quiso tener el mismo Dios): por esto ha sido necesario que el poder soberano fuese absoluto, para prescribir a los súbditos todo lo que mira al interés común, y obliga a la obediencia a los que se niegan a ella. (...)

El (remedio) que debemos pedir, trasladando al papel nuestros votos, y el de nuestras provincias, es con arreglo a las leyes, fueros, usos y costumbres de España. Ojalá no hubiera materia harta cumplida para que V.M. repita al reino el decreto que dictó en Bayona, y manifieste (...) la necesidad de remediar lo actuado en Cádiz, que a este fin se proceda a celebrar Cortes con la solemnidad, y en la forma en que se celebraron las antiguas: que entre tanto se mantenga ilesa la Constitución española observada por tantos siglos, y las leyes y fueros que a su virtud se acordaron: que se suspendan los efectos de la Constitución, y decretos dictados en Cádiz, y que las nuevas Cortes tomen en consideración su nulidad, su injusticia y sus inconvenientes (...)» □ Madrid, 12 de abril de 1814.

- Debido a este apoio maioritario (nobreza e pobo), Fernando VII oficializa o retorno ó absolutismo e ó Antigo Réxime no **Decreto de Valencia 1813**.
- **Escasa oposición das masas populares** porque vían as reformas como ameazas á tradición e a relixión.
- **Reinstáuranse** institucións como a **Inquisición, a Mesta, os gremios** e a devolución de **bens desamortizados**.
- **Os liberais foron reprimidos** (cárcere, desterro e penas de morte) levando a moitos deles ó exilio (Francia e Gran Bretaña).
- Dende o exilio conspiran incitando **pronunciamentos** dos militares (Pronunciamento = posicionamento do exército en favor dunha Constitución e dunha monarquía liberal en detrimento do absolutismo).

- A **política** neste Sexenio absolutista é **ineficaz e inestable**:
 - Sublevacións en América e **independencia das colonias**.
 - Consecuente **crise comercial e da Facenda Real**.
 - Negación dos grupos absolutistas de reformar economicamente o país.
 - Continuos **cambios de goberno** debido ó carácter voluble do rei Fernando VII.
- Durante o Sexenio (1814-1820) sucedéronse oito pronunciamentos por parte de militares destacados da Guerra de Independencia (Espoz y Mina, Porlier).
- Estes pronunciamentos e o protagonismo do exército van ser unha constante na vida política de España no XIX.

2. Trienio Liberal (1820- 1823)

- En Xaneiro de 1820, o **xeneral Rafael Riego** → ó mando de tropas para enviar a América e sofocar ós independententistas americanos, leva a cabo un **pronunciamento**.
- Este exército atópase en Andalucía, e é en Sevilla onde Riego esixe a restitución da Constitución de 1812.
- O levantamento secúndase en:
 - Andalucía.
 - Galicia.
 - Varias cidades españolas.
- **Fernando VII vese obrigado a aceptar o triunfo liberal e a Constitución en 1820** contradicindo o recollido no Decreto de Valencia (1813)→ **“Todos e eu o primeiro pola senda da Constitución”**

en 1820 Fernando VII reimplanta o liberalismo...

« Mentres eu cavilaba maduramente, coa solicitude propia do meu paternal corazón, sobre as variacións do noso réxime fundamental (...) fixéstesme entender a vosa arela de que se restablecese aquela constitución, que entre o estrondo das armas hostís, foi promulgada en Cádiz (...) Xurei esta Constitución pola cal suspirabades e serei sempre o seu máis firme apoio (...) Marchemos francamente, e eu o primeiro, pola senda Constitucional. »

- Os **gobiernos liberais restablecen a lexislación aprobada nas Cortes de Cádiz:**
 - **Constitución.**
 - **Cortes.**
 - **Sufraxio universal masculino indirecto.**
 - **Milicia Nacional** (voluntarios para defender o sistema consitucional e a seguridade pública).
 - **Supresión definitiva da Inquisicion.**
 - **Implementan transformacións sociais, administrativas e económicas.**
- En todo caso, **existen tensións entre os propios liberais** nalgunhas cuestións (poder do rei, Constitución, participación política, tipo de soberanía censitario ou popular, etc.).
- Estas diferenzas dan lugar a **dúas correntes dentro do liberalismo:**
 - **1) Moderados**
 - **2) Exaltados**

- Os **moderados** → desexan acadar compromisos coas antigas clases dominantes e pactar con elas as reformas:
 - Concesión de maior poder ó rei.
 - Creación dunha cámara alta (Senado) formado por aristócratas.
 - Sufraxio Censitario → para exercer o voto hai que ter determinadas rendas ou posesións.
 - En definitiva, queren facer reformas conservadoras da “Pepa”.
- Os **exaltados** → propoñen reformar a Constitución de forma máis radical.
 - Liberalismo “popular” (universal).
- Os **moderados van ostentar o poder** durante o **Trienio Liberal**.
- **Consecuencia** → as divisións dos liberais facilitaron os intentos absolutistas de restaurar o Antigo Réxime

- Factores decisivos en favor de Fernando VII:
 - O **rei nunca aceptou o liberalismo** nin a Constitución, foi forzado.
 - A nivel internacional, a **Santa Alianza garante a axuda mutua entre monarcas absolutistas** para eliminar o liberalismo.
 - Existen **guerrillas realistas** no territorio.
 - Crise derivada das **guerras nas colonias americanas**.
 - **Crise económica crónica**.

3. Década Ominosa (1823- 1833)

- A **Santa Alianza** (Rusia, Austria, Prusia e Francia de Luis XVIII, ****Gran Bretaña****) decide intervir militarmente en España.
- Os **Cen Mil Fillos de San Luís**, tropas francesas ó mando do Duque de Angulema.
- **Restáurase a Fernando VII no trono** e os liberais volven a ser perseguidos e executados (entre eles, Riego).
- Prodúcese depuracións no exército e na administración.
- A poboación estivo vixiada polos voluntarios realistas e a policía.

Logo da intervención da Santa Alianza, Fernando VII anula en 1823 os actos do goberno constitucional:

“Sentado xa outra vez no trono de San Fernando pola man sabia e xusta do Omnipotente, polas xenerosas resolucións dos meus poderosos aliados e polos denodados esforzos do meu primo, o duque de Angulema, e o seu bravo exército, desexando prover o remedio ás máis urxentes necesidades dos meus pobos, e manifestar a todo o mundo a miña verdadeira liberdade, viñen decretar o seguinte:

1. Son nulos e de ningún valor tódolos actos do goberno chamado constitucional (de calquera clase e condición que sexan) que dominou os meus pobos desde o 7 de marzo de 1820 ata hoxe 1 de outubro de 1823, declarando, como declaro, que en toda esta época carecín de liberdade.”

- Malia as persecucións, **Fernando VII suavizou algúns aspectos do absolutismo** e aplicou un despotismo anacrónico.
- **Consecuencia** → os **ultrarrealistas criticaron a súa suposta debilidade** e agrupáronse entornó ó seu irmán **Carlos Isidro**.
- **Por que?** → Fernando VII non tiña descendencia, polo que se cría que o seu irmán Carlos sería o herdeiro.
- **1829 → Fernando VII casa con María Cristina de Borbón e ten dúas fillas.**
- **Consecuencia** → Antes de morrer, **deroga a Lei Sálica**, que impedía reinar a mulleres. Como o fai? **Mediante a Pragmática Sanción**.
- Deste modo, **a súa filla Isabel II podía reinar.**
- **Consecuencia** → **Guerras Carlistas** durante boa parte do século XIX entre os partidarios do seu irmán Carlos Isidro (Carlistas) e Isabel II.

- **Entre 1808** (entrada dos franceses e inicio da Guerra de Independencia, Abdicacións de Baiona, Motín de Aranjuez...) e **1833** España vive un proceso histórico caracterizado polo **enfrentamento de dous modelos políticos e ideolóxicos**:
 - **Absolutismo**
 - **Liberalismo**
- **A Guerra civil** aberta polo Carlismo en España **implicou que o liberalismo vai posicionarse como o principal apoio da rexente María Cristina de Borbón** (esposa de Fernando VII e nai de Isabel II) para **garantir o trono a súa filla Isabel** (todavía menor para reinar e futura Isabel II).

PRIMERA RESTAURACIÓN ABSOLUTISTA 1.814-1.820	ABSOLUTISMO	- MANIFIESTO DE LOS PERSAS - DEROGACIÓN DE LA CONSTITUCIÓN - REPRESIÓN DE LOS CONSTITUCIONA-LISTAS - CONJURAS LIBERALES - RESTAURACIÓN DE LA INQUISICIÓN - PRIMEROS LEVANTAMIENTOS EN AMÉRICA. REPRESIÓN.
TRIENIO LIBERAL 1.820-1.823	CONSTITUCIÓN DE 1.812	- PRONUNCIAMIENTO DE RIEGO - POLÍTICA MODERADA - LIBERTAD DE PRENSA - DERECHOS INDIVIDUALES - IGLESIA APARTADA DEL PODER - LIBERALES SE ESCINDEN: EXALTA-DOS Y MODERADOS - TRIUNFOS DE LOS LIBERTADORES: BOLÍVAR, SAN MARTÍN, ITURBIDE....
SEGUNDA RESTAURACIÓN AB-SOLUTISTA “DÉCADA OMINOSA” 1.823-1.833	ABSOLUTISMO	- 100.000 HIJOS DE SAN LUIS - REPRESIÓN: TORRIJOS, MARIANA PI-NEDA... - MODERNIZACIÓN DE LA ADMÓN. - MEJORA ECONÓMICA - AYACUCHO: INDEPENDENCIA DE AMÉRICA - DEROGACIÓN LEY SÁLICA: PRIMERA GUERRA CARLISTA-

ESPAÑA EN EL S. XIX

CRISIS DEL ANTIGUO REGIMEN (1808-1833)

GUERRA DE LA INDEPENDENCIA Y LAS CORTES DE CÁDIZ

ANTECEDENTES

España une su política exterior a la francesa desde finales del S XVIII. Guerras contra Inglaterra 1796 y otra en 1805. Tratado de Fontainebleau con los franceses que le permiten la entrada de tropas francesas para invadir Portugal

2 mayo 1808

Levantamiento popular formandose las Juntas Locales. La guerra durará hasta 1814

Consecuencias

1ª derrota Napoleónica
Nuevas tácticas militares: La guerrilla
Poder popular en las Juntas Locales
Favoreció la Independencia hispanoamericana
Nacimiento de la Constitución de Cádiz, de 1812. La Pepa

REINADO DE FERNANDO VII (1814-1833)

FASES

Sexenio Absolutista (1814-1820).

Desmantelamiento de las Cortes de Cádiz.
Firma del Manifiesto de los Persas (Vuelta al absolutismo y restablecer los privilegios señoriales)
Independencia de las colonias
Descontento social capitalizado por el ejército


Trienio Liberal (1820-1823).

Levantamiento militar (Riego)
Restauración de la Constitución de Cádiz.
Reformas de carácter liberal.
El rey jura la Constitución pero conspira con el exterior y la Santa Alianza envía los 100.000 Hijos de San Luis restaurando el absolutismo

Década Ominosa (1823-1833).

Represión salvaje del rey.
En respuesta, y se suceden las revueltas liberales y conservadoras, forzando algunas tímidas reformas.
La cuestión sucesoria desata la I Guerra Carlista

Antonio Gómez Jiménez



4. A construción do Estado Liberal (principios do Liberalismo e diferenzas entre as distintas familias políticas)

- O liberalismo foi a expresión ideolóxica dos intereses da **Burguesía do século XIX**.
- **Por que?** Porque é un grupo de poder hexemónico que nace debido á potencia do comercio derivada da **Revolución Industrial**.
- O seu dominio social vai unido ao **triunfo das revolucións liberais**.

a) Sociedade baseada en:

- **Liberdade e igualdade xurídica.**
- **División do poder:**
 - **Executivo (gobierno)**
 - **Lexislativo (cortes)**
 - **Xudicial (tribunais)**

- Defende a **participación política da cidadanía**, a cal elixe representantes nas Cortes (parlamento), depositario da soberanía nacional.
- O sistema baséase no “imperio da lei” outorgado pola **lei suprema: a Constitución**.

b) Economía:

- Defensa da **propiedade privada individual**.
- **Liberdade de empresa** baseada na libre iniciativa individual **sen intervención do Estado**.
- Liberdade da **lei de oferta e demanda** como mecanismo xerador de riqueza e regulador da economía.

- Esta ideoloxía liberal se divide en **dúas correntes** en función de quen debe participar na vida política:
 - **1. Liberalismo doutrinario (conservador)**
 - **2. Liberalismo democrático (soberanía popular)**
- **1. Liberalismo doutrinario:**
 - Foi a corrente dominante en España e Europa ata mediados do XIX.
 - Reacción dos grupos **conservadores** a revolucións e a súa perda de poder económico e político.
 - **Trazos que o definen:**
 1. **Monarquía constitucional**
 2. **Soberanía compartida (rei-cortes)**
 3. Restrición da participación política (**sufraxio censitario** → os que teñen poder económico).
 4. **Limitación de certos dereitos individuais.**
 5. **Catolicismo** de Estado.

- En España, o **afán de control** por parte das elites deriva en:
 - **Fraude electoral**
 - **Caciquismo** (**1. m.** Dominación o influencia del cacique de un pueblo o comarca. **2. m.** Sistema político basado en la dominación o influencia del cacique. **3. m.** Intromisión abusiva de una persona o una autoridad en determinados asuntos, valiéndose de su poder o influencia).
- Etapas políticas da etapa liberal en España:
 - **1) Rexencia de María Cristina** (viúva de Fernando VII) e a do Xeneral **Espartero**.
 - **2) Reinado de Isabel II** (filla de Fernando VII).
 - **3) Sexenio democrático.**
 - **4) Restauración borbónica.**
- Durante todo o periodo promúlganse:
 - Unha **Carta Outorgada (Estatuto Real de 1834)**
 - **Catro Constitucións (1837, 1845, 1869, 1876)** → responden ós intereses das ideoloxías no poder e as tensións políticas da época.

CONSTITUCIONES ESPAÑOLAS (1812-1978)

CONSTITUCIÓN	1812 Guerra de la Independencia	1834 Regencia	1837 Regencia	1845 Isabel II	1856 Isabel II	1869 Sexenio	1873 I República	1876 Restauración	1931 II República	1978 Transición Democrática
VIGENCIA	1812-14, 1820-23, 1836-37		1837-45	1845-68	No promulgada	1869-74	No promulgada	1876-1923	1931-36	1978-hoy
SOBERANÍA	Nacional	Monarca	Nacional	Rey-Cortes	Nacional	Nacional	Popular	Rey-Cortes	Popular	Nacional
DERECHOS	Libertad, Propiedad, libertad de imprenta	No existe	Igualdad, Seguridad, Propiedad, Libertad: expresión, reunión, asociación	Igual que en 1837 pero será regulada por leyes posteriores	Libertad de prensa	Declaración de derechos naturales, absolutos e ilegislables	Igual que en 1869 pero más democrática	Igual que en 1869 pero serán regulados por leyes posteriores	Igual que en 1869. Tribunal de Garantías (derecho de amparo)	Derechos civiles, políticos, sociales, económicos y culturales.
RELIGIÓN	Confesional		Reconoce su práctica en España	Confesional	Tolerancia religiosa	Libertad de cultos	Libertad de cultos	Confesional. Tolerancia religiosa.	No confesional	No confesional
SUFRAGIO	Indirecto	Censitario 0,15%	Censitario 2,2%	Censitario 4,3%	Censitario	Universal masculino 24-27%	Universal	Mixto (Caciques 5%- 27%)	Universal	Universal
PARLAMENTO	UNICAMERAL: CORTES	BICAMERAL: - Próceres - Procuradores	BICAMERAL: - Congreso - Senado (semielectivo)	BICAMERAL: - Congreso - Senado (designación real)	BICAMERAL: - Congreso - Senado (electivo)	BICAMERAL: - Congreso (directo) - Senado (indirecto)	BICAMERAL: - Congreso - Senado (federal)	BICAMERAL: - Congreso (electivo) - Senado (designación real y sufragio censitario)	UNICAMERAL: CORTES	BICAMERAL: - Congreso - Senado
DIVISIÓN DE PODERES	Si	No	Si	No	Si	Si	Si Poder federal y relacional	No	Si	Si
FORMA DE GOBIERNO	Monarquía		Monarquía	Monarquía	Monarquía	Monarquía constitucional	República Federal	Monarquía	República de trabajadores de todas clases.	Monarquía constitucional
CARACTER Y OTROS DATOS	Liberalismo frente al Antiguo Régimen Crea: - Milicia Nacional - Instrucción Pública LIBERAL	ESTATUTO REAL Reglamento de convocatoria de Cortes CARTA OTORGADA	Liberal Consolida el régimen constitucional. Corona papel moderador. LIBERAL	Moderada Suprime: - Milicia Nacional - Juicio por jurados OLIGÁRQUICA	Progresista Crea: - Milicia Nacional - Juicio por jurados Supremacía del Congreso sobre el Senado LIBERAL PROGRESISTA	Liberalismo radical Monarquía y democracia. Juicio pro jurados. Obra de la burguesía revolucionaria. DEMOCRÁTICA	Republicana federal REPUBLICANA DEMOCRÁTICA	Burguesía de negocios Turno pacífico de los dos partidos dinásticos Régimen de las dos confianzas OLIGÁRQUICA	Repúblicanos y socialistas. Estado integral compatible con Autonomías. Hace posible la expropiación y la nacionalización . REPUBLICANA DEMOCRÁTICA	Consenso de partidos democráticos. Estado de las Autonomías. Tribunal constitucional, Defensor del Pueblo DEMOCRÁTICA

- A monarquía doutrinaria foi o modelo político dominante na España liberal, pero tamén se deron etapas de liberalismo democrático, ditaduras e unha República (I República española).
- **O Liberalismo doutrinario** sofre unha nova división entre os **moderados e os progresistas**:
 - **a) Moderados:**
 - Asumen os principios do liberalismo doutrinario.
 - Exercen máis tempo o poder.
 - Contan co apoio dos monarcas e dos grupos sociais poderosos.
 - Patidarios dun férreo control municipal por parte do goberno,
 - Limitan as liberdades civís e eliminan a Milicia Nacional.

- **b) Progresistas:**

- Reclaman a primacía das cortes sobre o rei.
- Maior descentralización municipal (menos control centralista).
- Máis liberdades civís (prensa, expresión, reunión, etc.).
- Maior liberdade de culto dentro do estado confesional.
- A crecente moderación dos progresistas provocou unha **nova disidencia** neste grupo:
os **Demócratas en 1840:**
 - Constitúen unha minoría radical, divididos a súa vez entre **monárquicos e republicanos**.

2. Liberalismo democrático (Soberanía popular):


- Defenden a **soberanía popular**, polo tanto, a participación política mediante **sufraxio universal masculino** (maiores de 25 anos).
- Ríxida **separación de poderes** (executivo, lexislativo e xudicial).
- Defensa de **dereitos inalienables e inherentes á natureza humana**.
- **Gobernos froito da vontade popular** (non só en base ós intereses dos poderosos).
- **Liberdade de culto** e separación de Igrexa-Estado.
- Todos estes principios **inspiran a Constitución de 1869** (ver esquema constitucións):
 - A **figura do rei é nominal**, non goberna. Por iso é considerada como a que inaugura a monarquía parlamentaria en España.
 - O **republicanismo aproveita o curto reinado de Amadeo I de Saboya para proclamar a I República** (onde se plantexa a discusión sobre o **modelo territorial** e reivindícase como modelo verdadeiramente democrático).

- En todo caso, na política xogaron un papel fundamental os militares e a Coroa.
- A debilidade e división dos grupos políticos, incapaces de imporse por si mesmos, permitiu que numerosos militares se convertesen nunha ferramenta política para conquistar o poder.
- Cada grupo tiña os seus “Espadóns” (partidarios): Espartero, Narváez, O’Donnell... os cales vanse converter nos principais protagonistas na política da España do XIX.
- **A Coroa** conservou grande capacidade decisoria á hora de nomear goberno, amosando **predilección** (tanto M^a Cristina como Isabel II) polos **moderados**.
- **Así temos:**
 - **a) Gobiernos progresistas:**
 - **Rexencia de Espartero (1840-1843)** → sucede a M^a Cristina tras a **victoria na Primeira Guerra Carlista** e a conseguida “Paz de Vergara” (Por iso é chamado “Príncipe de Vergara”).
 - **Bienio Progresista (1854-1856)** → froito do pronunciamento do **Xeneral O’Donnell** (coñecida como “**Vicalvarada**”). Os efectos sobrepasan as súas intencións e desemboca nunha revolución. É ademáis líder da **Union Liberal** (agrupación centrista formada por moderados e progresistas).

- O propio O'Donnell pon fin o Bienio Progresista cando rodee o congreso con tropas e disolva o Parlamento para volver ó moderantismo.
- Este periodo é coñecido como moderado-unionista (altéranse no goberno estas dúas forzas).
- **b) Gobiernos moderados:**
 - Apoiados por M^a Cristina e Isabel II.
 - **Década Moderada (1844-1854)** → **Xeneral Narváez** como figura clave (Constitución de 1845, ver esquema constitucións).
 - Contexto da Segunda Guerra Carlista.
- Froito das **prácticas dictatoriais de Narváez e de Glez-Bravo** nos últimos gobernos moderados, estenden a **impopularidade do réxime e da raíña Isabel II** (que apoiaba ós moderados), entregados a unha oligarquía sen escrúpulos (dexeneración política).
- **Consecuencia** → **1868** ten lugar a revolución **Gloriosa ou Setembrina**.
- **A Gloriosa:**
 - Foi **secundada por todas as forzas contrarias a Isabel II**.
 - Supuxo a **expulsión dos Borbóns do trono de España** e abriu a posibilidade de configurar un **novo sistema político** baseado nos intereses das clases medias e nos principios do liberalismo democrático.

AÑOS	GOBERNANTES	MARCO CONSTITUCIONAL	ACONTECIMIENTOS
1.834 – 1.840	REGENCIA DE MARÍA CRISTINA , MADRE DE ISABEL II, POR MINORÍA DE EDAD DE ESTA.	ESTATUTO REAL CONSTITUCIÓN DE 1.837 , BASADA EN LA DE 1.812	PRIMERA GUERRA CARLISTA. DIVISION PROVINCIAL. DESAMORTIZACIÓN DE MENDIZÁBAL
1.840 – 1.843	REGENCIA DEL GENERAL ESPARTERO , CON LOS LIBERALES PROGRESISTAS .	CONSTITUCIÓN DE 1.837 . ESPARTERO GOBIERNA DICTATORIALMENTE	GOBIERNO DURO FRENTE A MODERADOS Y LEVANTAMIENTOS POPULARES (BARCELONA)
1.844 – 1.854 (DÉCADA MODERADA)	MAYORÍA DE ISABEL II. NARVÁEZ OCUPA EL PODER CON LOS LIBERALES MODERADOS (CONSERVADORES)	CONSTITUCIÓN DE 1.845 MODERADA: MÁS PODER A LA REINA Y GOBIERNO, MENOS AL PARLAMENTO	CONCORDATO CÓDIGO CIVIL Y PENAL CENTRALISMO CORRUPCIÓN.
1.854 – 1.856 (BIENIO PROGRESISTA)	PRONUNCIAMIENTO DE O'DONNELL . PODER PARA LIBERALES PROGRESISTAS CONSPIRACIONES DE ISABEL II.	CONSTITUCIÓN DE 1.856 PROGRESISTA. NO LLEGA A APLICARSE. “NON NATA”	AMPLIACIÓN DE LIBERTADES. 2ª DESAMORTIZACIÓN. LEY DE FERROCARRILES TENSIONES CON IGLESIA.
1.856 – 1.868	O'DONNELL GOBIERNA CON LA UNIÓN LIBERAL (<i>GOBIERNO LARGO</i>). SUCEDEN LOS MODERADOS .	SE RESTITUYE LA CONSTITUCIÓN DE 1.845	POLÍTICA CONSERVADORA EXPEDICIONES MILITARES PUCHERAZOS REPRESIÓN CONTRA PROGRESISTAS Y DEMÓCRATAS

18. OS PARTIDOS POLÍTICOS ESPAÑOIS NO SÉCULO XIX



ESPAÑA EN EL S. XIX

LA ESPAÑA ISABELINA
(1833-1868)

1833 Muere Fernando VII

**Regencia de M^a Cristina
1833-40**

**Regencia de Espartero
1840-43**

**Reinado de Isabel II
(1843-1868)**

Para asegurar el trono de su hija busca
el apoyo en los liberales:
Moderados y progresistas

ESTATUTO REAL

Carta Otorgada que establece un sistema
bicameral accesible sólo para
los propietarios, el sufragio censitario
y concede mucho poder al monarca

ORGANIZACION POLITICO-ADMINISTRATIVA

Nueva división provincial por Javier de Burgos (1833)

DESARMORTIZACION DE MENDIZABAL

Expropiación de los bienes eclesiásticos

1ª GUERRA CARLISTA

Entre partidarios del Infante Carlos V
y partidarios de Isabel II
FIN: Acuerdo de Vergara 1839

Popularidad por su papel en la
guerra carlista.
Se hace cada vez más autoritario.
Actúa como Regente de Isabel II
y como Presidente del Gobierno,
Empiezan revueltas hasta llegar al
PRONUNCIAMIENTO DE TORREJÓN
DE ARDOZ, dirigido por el general
NARVÁEZ que provoca la caída
de Espartero (el cual huye a Inglaterra)
y Narváez proclama mayor de edad a
Isabel II con 13 años.

Alternancia de moderados y progresistas

Decada moderada

Gobierno de Narváez
partido moderado.
Constitución de 1845.
Paralizó la desamortización
y retomó relaciones con
el papado

Bienio
progresista

Constitución de 1856
(no llegó a entrar en vigor)
Desamortización de los bienes
municipales llevada por Madoz

Gobierno de la
Unión liberal

Liderado General O'Donnell
(Partido Unión Liberal).
Época de desarrollo económico.
Aumento de la oposición
al régimen apareciendo sectores
más radicales.
La revolución de Septiembre
de 1868 llevó a la reina
Isabel II al exilio

Antonio Gómez Jiménez

Doc. 1. Pastoral do bispo de Mondoñedo (1837):

“Carlistas, pelexade ata a morte polo voso Deus, polo voso Rei, pola vosa Relixión, polas vosas leis, por vós mesmos e polo ben do mundo enteiro (...). Respectade e honrade aos Sacerdotes que eles tanto perseguen, e buscádeos con ansia, se vos remorde algún delito para confesarlle e dar gloria ao voso Deus (...)”

Doc. 2. Preámbulo da Constitución de 1845:

“Dona Isabel II, pola Graza de Deus e da Constitución da Monarquía Española, Raíña das Españas, a todos os que a presente viren e entenderen, sabede: Que sendo a nosa vontade e a das Cortes do Reino regularizar e poñer en consonancia coas necesidades actuais do Estado os antigos fueros e liberdades destes reinos, e a intervención que as súas Cortes tiveron en todos os tempos nos negocios graves da Monarquía, modificando ao efecto a Constitución promulgada en 18 de xuño de 1837, vimo s (...) en decretar e sancionar a seguinte Constitución da Monarquía Española”.

Doc.3. Comentario sobre o intervencionismo militar na vida política (El pensamiento de la nación, 18 de marzo de 1846):

“As queixas contra a preponderancia militar datan de moito tempo: hai longos anos que as fraccións liberais se acusan unhas a outras polos estados de sitio. O que en 1834 e 1835 dicían os progresistas contra os moderados, dixeron os moderados contra os progresistas en 1836 e 1837; ata 1840 tocoulles aos progresistas repetir os mesmos cargos que logo reproduciron os moderados ata 1843; dende o pronunciamento de xuño do dito ano quéixanse outra vez os progresistas (...). O poder militar é forte porque o civil é fraco, non tanto se debe pensar en abater aquel como en fortalecer este; a forza do poder civil será a ruína do militar, que deixará de ser poder e pasará a ser unha clase como as demais do Estado...”.

Doc. 4. En 1860, o republicano Fernando Garrido caracteriza así as máis importantes tendencias políticas do momento:

“Os moderados representan un paso máis na escala do progreso, non conceden senón a medias o principio da soberanía nacional. Din: o rei ten o seu dereito de ser soberano, dereito histórico e de raza, pero o pobo tamén ten dereito a intervir co rei na xestión dos públicos intereses; e conservando as institucións do absolutismo, líganas o menos mal que poden coas novas, que deben satisfacer os desexos das clases acomodadas, e unha pequena parte das medias. Os progresistas parten do principio da soberanía nacional, que colocan sobre todos os outros. O rei, segundo eles, éo porque a nación quere que o sexa, e non porque o herdara dos seus devanceiros (...). Hai unha fracción demócrata que cre posible a amalgama da monarquía e dos principios democráticos, da liberdade individual e da soberanía nacional. Segue a esta a fracción republicana propiamente dita. A democracia como réxime político quere, segundo vemos nas súas publicacións, no canto do rei un consello ou xunta federal composta, como en Suíza, por un ou máis membros por cada provincia ou Estado. No canto de dúas cámaras, unha soa. No canto do censo electoral, o sufraxio

universal para toda clase de eleccións. Os seus elementos máis activos pertencen ás profesións liberais, aos traballadores e artesáns, e unha parte máis considerable cada día á clase media”.

TEXTO 1.

Dúas bandeiras enarboráronse, señores, desde a orixe das sociedades humanas no horizonte dos pobos: a bandeira da soberanía popular e a bandeira do dereito divino. Un mar de sangue sepáraas, e ese mar de sangue testifica cal é o destino das sociedades que as adoptan, cal é a sorte das sociedades que as seguen.

Unha nova bandeira, cándida, resplandecente, inmaculada, apareceu no mundo; o seu lema é: “soberanía da intelixencia, soberanía da xustiza”. Sigámola, señores; desde a súa aparición, ela soa é a bandeira da liberdade; as outras, da escravitude; ela soa é a bandeira do progreso; as outras, das reaccións; ela soa é a bandeira do porvir; as outras, do pasado; ela soa é a bandeira da humanidade; as outras, dos partidos.

Xoán DONOSO CORTÉS. Leccións de dereito político. 1836 [castelán]

TEXTO 2.

A que aspira o partido moderado? (...) En que consisten os seus principios de goberno? O carácter máis marcado desta escola é o de resistir ao torrente revolucionario, conceder o menos posible ás esixencias dos innovadores, (...) manter o existente, previr trastornos, concretar a propiedade e a influencia na clase media, fortalecer as ideas de goberno, subordinación e obediencia (...). Prescinde tamén nas súas teorías do goberno do pobo, das masas (...). A idea do benestar do maior número, a noción do deber por parte da sociedade de ocuparse da sorte dos pobres, dos ignorantes, dos desvalidos, que compoñen a maioría da poboación (...), non preocupa aos homes de goberno deste partido (...) Chama á conciencia pública contra os excesos e as calamidades que xeran as revolucións, procura diminuír os males que provocan, pero non aspira á (...) concordia de todos os intereses, a asociación de todas as clases.

Andrés BORREGO [periodista moderado]. El Correo Nacional. 1838 [castelán]

TEXTO 3.

1o. (...) O partido progresista proclama: a monarquía é a única forma de goberno posible en España, así como o sistema representativo é a única forma posible nas monarquías das nacións civilizadas de Europa (...). O que lle separa dos seus adversarios non é o sistema; son os medios de gobernar (...).

2o. Conciliación dos españois (...). Todas as opinións caben dentro do réxime constitucional tal como o conciben os progresistas (...) se non pasan dos límites da legalidade (...).

7o. Reformas prudentes e útiles en todos os ramos da administración (...).

8o. Relixioso respecto á propiedade e ás persoas (...).

9o. Liberdade de imprenta, garantida por un xurado (...).

10o. Emancipación da administración provincial e municipal (...) suxeitas [hoxe] a un éxime de excesiva centralización, que destrúe todo estímulo e pon trabas intolerables a

todo conato de prosperidade (...).

11o. Sistema electoral ben combinado, (...) que diste tanto do sufraxio universal como monopolio de poucas e determinadas persoas (...).

14o. Milicia nacional, como elemento de orde e de liberdade (...).

15o. Responsabilidade ministerial formulada da maneira que resulte máis efectiva.

PARTIDO PROGRESISTA. Bases programáticas. 1848 [castelán]

5. A revolución gloriosa e a Constitución de 1869

- Contexto de **profundo malestar social**:
 - **Malas colleitas** e escaseza de cereais e consecuente subida de prezos.
 - **Dificultades na industria** textil e siderúrxica.
 - Destaca a escasa rendabilidade das vías ferroviarias e a **burbulla especulativa creada arredor da construción do ferrocarril**.
 - Descontento xeneralizado a nivel social pola **desconexión entre cidadanía e órganos de goberno**.
 - **Raíña desprestixiada**, sobre todo debido ó seu posicionamento explícito e a súa vida privada e amorosa.
- O **descontento uníu a todos os grupos políticos opositores** baixo unha causa común → establecer un goberno provisional que asumise os principios do **liberalismo democrático**.
- **Cal era o obxectivo?**
 - Elexir **novas Cortes**.
 - Elexir un **novo modelo de Estado** e redactar unha **nova Constitución**.

- Os **partidos progresista e demócrata** → asinan en Bélxica o **Pacto de Ostende** para **desaloxar a Isabel II**. Posteriormente únese a **Unión Liberal**.
- **Cádiz, setembro de 1868** → **pronunciamento** do Almirante **Topete** e Xenerales **Prim e Serrano**. **REVOLUCIÓN GLORIOSA**.
- Os sublevados venden ás tropas leais a Isabel II en Ponte Alcolea (Córdoba).
- Paralelamente, xurden **xuntas revolucionarias que reclamaban**:
 - **Sufraxio universal**.
 - **Liberdade de prensa**, de **ensino** e de **asociación**.
 - **Abolición de impostos de consumo** a bens de primeira necesidade.
 - **Exención no recrutamento militar (exención de quintas)** que se realizaba por sorteo e afectaba a quinta parte dos varóns de certa idade e non podían pagar a exención.
- Polo tanto, hai unha **unión de pronunciamento e revolución social**.

- O triunfo da **revolución obriga a Isabel II a exiliarse** a París.
- Fórmase un **gobierno provisional** integrado por:
 - **Unionistas (Unión Liberal).**
 - **Progresistas.**
 - **Presidido polo Xeneral Serrano, líder da Unión Liberal** tras a morte de O'Donnell.
- Os demócratas quedan fóra e con eles o sector máis revolucionario.
- **Moitas medidas de reforma** política e económica:
 - **Supresión do imposto sobre o consumo.**
 - Emancipación dos fillos de escravos nados tras a revolución (en colonias).
 - Decreto de **liberdade de imprenta.**
 - **Convoca Cortes** mediante **sufraio universal masculino.**

- Estas Cortes elaboran **nova Constitución no 1869:**
 - **Liberalismo democrático.**
 - **Soberanía nacional (entendida como popular).**
 - **Monarquía Constitucional como forma de goberno.**
 - **Separación de poderes clara.**
 - **Cortes bicamerais (Congreso e Senado):**
 - **Congreso** → **sufraxio universal directo masculino.** (os votantes elixen directamente ós representantes).
 - **Senado** → por sufraxio indirecto a través de compromisarios.
 - **Liberdade de culto.**
 - **Estado confesional.**
 - **Dereitos civís (asociación e reunión)** → nace, por exemplo, a **Feredación Rexional Española de Asociación Internacional de Traballadores** -FRE da AIT-.

- Coa Constitución promulgada, Serrano é nomeado rexente provisional.
- Búscase novo rei para España (católico, liberal e contar coa simpatía das potencias europeas).
- **Amadeo I de Saboya é elexido.**
- Conxúganse varios feitos que derivan nunha crise política:
 - O **asasinato do Xeneral Prim**, líder dos progresistas e principal valedor do novo rei.
 - Dificultades constantes pola **oposición forte dos republicanos**, que non aceptan a solución monárquica da Constitución.
 - **Descontento das clases populares (urbanas e rurais)** porque non recibían respostas as súas demandas sociais.
 - Regreso da **problemática carlista**, con estalido da **Terceira Guerra Carlista**.
 - **Subelevación en Cuba.**
 - **Falta de colaboración dos sectores tradicionais.**
- **Consecuencia → Amadeo I renuncia. 1873 proclámase a I República española.**

EL SEXENIO REVOLUCIONARIO (1868-1874)

GOBIERNO PROVISIONAL

-Elaboración de una nueva constitución 1869

- ☐ Sufragio Universal masculino
- ☐ Soberanía nacional
- ☐ Separación de poderes
- ☐ Amplios derechos y libertades
- ☐ Monarquía Constitucional
- Búsqueda de un rey para España.

El General Prim, líder del gobierno apoyó Amadeo de Saboya

REINADO DE AMADEO I DE SABOYA (1871-1873)

Reinado breve, por las presiones de republicano, carlistas y alfonsinos (partidarios del hijo de Isabel II: Alfonso)
Se vio agobiado por , guerra en las colonias y, sobre todo, falta de apoyo popular.
En Febrero de 1873 Amadeo Abdicó, proclamándose la I República

I REPÚBLICA (1873-1874)

Fuertes presiones políticas y una grave crisis económica.
4 presidentes en un años.
El Parlamento fue disuelto por un destacamento militar y de la Guardia Civil y se inicia un año de gobierno provisional en manos del General Serrano.
En diciembre de 1874 un pronunciamiento en Sagunto, proclama rey a Alfonso XII.

Antonio Gómez Jiménez

Doc. 1. As forzas militares mandadas por Prim, Serrano e Topete pronúncianse en Cádiz en setembro de 1868, publicando o seguinte manifesto:

“Aldraxada a lei fundamental (...), corrompido o sufraxio pola ameaza e o suborno (...), pasto a

Administración e a Facenda da inmoralidade (...), muda a prensa (...). Tal é a España de hoxe (...). Queremos que un Goberno provisional que represente todas as forzas vivas do país asegure a orde, en tanto que o sufraxio universal bota os alicerces da nosa rexeneración social e política”.

Texto 2.-O 27 de setembro de 1868, a Xunta de Goberno de Málaga súmase con esta proclama á revolución:

“Aspiramos á liberdade de conciencia (...). Imos, pois, establecer a liberdade de cultos.

Aspiramos á liberdade de sufraxio (...), proclamamos o sufraxio universal.

Aspiramos á liberdade da razón, e queremos o ensino libre, e que o pensamento escrito circule sen traba. Aspiramos, en fin, á liberdade económica e de asociación (...).

Queremos Cortes Constituíntes, expresión fiel da soberanía da Nación, para que promulguen unha Constitución (...). Cidadáns: ¡Viva a liberdade! ¡Viva a soberanía nacional! ¡Abaixo os Borbóns!”.

Texto 3.-Constitución de 1869:

“A Nación Española, e no seu nome as Cortes Constituíntes, elixidas por sufraxio universal, desexando afianzar a xustiza, a liberdade e a seguridade, e prover ao ben de cantos vivan en España, decretan e sancionan a seguinte Constitución (...):

Art. 17. Tampouco pode ser privado ningún español: do dereito de emitir libremente as súas ideas e opinións, xa de palabra, xa por escrito (...). Do dereito de reunirse pacificamente. Do dereito de asociarse para todos os fins da vida humana que non sexan contrarios á moral pública (...).Art. 32. A soberanía reside esencialmente na nación, da cal emanan todos os poderes.

Art. 33. A forma de goberno da Nación Española é a Monarquía.

Art. 34. A potestade de facer as leis reside nas Cortes. O Rei sanciona e promulga as leis.

Art. 35. O poder executivo reside no Rei, que o exerce por medio dos ministros.

Art. 36. Os tribunais exercen o poder xudicial”.

TEXTO 4.-Renuncia ao trono de Amadeo I (11 de febreiro de 1873):

“Dous anos longos hai que cingo a coroa de España, e a España vive en constante loita, vendo cada día máis distante a era de paz que tanto desexo (...). Todos invocan o doce nome da patria, todos pelexan e axítanse polo seu ben; e entre o fragor do combate, entre o confuso, atronador e contraditorio clamor dos partidos, entre tantas e tan opostas manifestacións da opinión pública, é imposible afirmar cal é a verdadeira, e máis imposible aínda atopar o remedio para tamaños males. Busqueino dentro da lei ansiosamente e non o atopei. Fóra da lei non debe buscalo quen prometeu observala (...).

Estas son, señores deputados, as razóns que me moven a devolver á nación, e no seu nome a vosoutros, a Coroa que me ofreceu o voto nacional (...)

6. A Primeira República (proxecto de Constitución federal e Cantonalismo)

- Tras a **renuncia de Amadeo I en febreiro de 1873** debido ás comentadas dificultades no seu reinado, os **republicanos buscan o apoio popular** necesario para instaurar a República.
- O **Congreso e o Senado reúnen e forman unha Asamblea Nacional, decidindo proclamar a I República o 11 de febreiro de 1873**, a pesar de ser maioritariamente monárquicos (non hai máis alternativas).
- Segundo expresaba **Emilio Castelar**: “Con Fernando VII morreu a monarquía tradicional; coa fuga de Isabel II, a monarquía constitucional e coa renuncia de Amadeo a monarquía democrática. Ninguén, ninguén acabou con ela. Morreu por si mesma”.
- A mesma **Asamblea Nacional asume todos os poderes** e nomea **Presidente** a Estanislao Figueras → **Exerce de Xefe de Estado e de Goberno**.

- Fortes **diferenzas entre republicanos** sobre a organización política da República → provoca debilidade e explica a súa curta duración (menos dun ano).
- Acontecementos:
 - Catro Presidentes (**Figueras, Pi i Margall, Salmerón e Castelar**)
 - Axitación social.
 - Dúas guerras (carlista e cubana)
 - **Revolución cantonal.**
- **Correntes:**
 - a) **Unitarios** → defenden unha República unitaria.
 - b) **Federalistas** → defenden un sistema territorial federalista. Hai dúas correntes:
 - **Federalistas gradualistas:** configuración federal “dende arriba” → **as Cortes da nación deben decidir e organizar o reparto de poderes entre o Estado Federal e os Estados** que formasen a federación.
 - **Federalistas intransixentes ou cantonalistas:** a federación debe facerse “dende abaixo” → **proclamación inmediata da soberanía das unidades políticas** inferiores, os Estados ou Cantóns, **para construír dende eles, por acordo libre entre iguais, a federación española.**

- As **tensións derivan en eleccións** (sufraxio universal masculino) para formar unha **Asamblea Nacional constituínte**.
- **Gañan os federais** → proclámase unha **República Federal con Pi i Margall de Presidente** (2º goberno, xa que o primeiro o ostenta Figueras).
- Elabórase un **proxecto constitucional** (non se chega a aprobar) polo cal **España quedaba organizada como unha federación de dezasete Estados federados, incluídos Cuba e Porto Rico**.
- Incrementábase a **axitación social e política** (participando a AIT ou **Primeira Internacional**).
 - Os campesiños e obreiros protagonizan folgas e protestas ocupando terras e esixindo melloras sociais.
- Xurde con forza o **movemento cantonalista**:
 - **Os federalistas intranxistentes ou Cantonalistas** comezan a proclamar a independencia dos Cantóns.
 - Tivo especial forza en Levante e Andalucía, destacando a proclamación do **Cantón de Cartaxena** (primeiro en declararse e último en ser reducido).
- Estes **problemas provocaron o fracaso do federalismo gradualista de Pi i Margall**.

- O **terceiro governo** → presidido por **Nicolás Salmerón**.
- Apóíase en militares (Pavía e Martínez Campos) para rematar con:
 - Cantonalismo.
 - Guerra Carlista.
- A necesidade de ter que asinar penas de morte levou a Salmerón a dimitir, pois era contrario á pena capital.
- O **cuarto governo** → presidido por **Emilio Castelar**.
- **Defende a República unitaria ou centralista.**
- Apóíase en militares conservadores, con oposición das tendencias federalistas.
- O **temor** da elección dun **novo presidente federalista** fai que o **Xeneral Pavía entre con tropas e Garda Civil no Congreso** e disolva a Asamblea Nacional.
- Consecuencia → baleiro de poder, onde o Xeneral Serrano asume o poder executivo da República. Suspende garantías constitucionais ata rematar coa inestabilidade e convocar Cortes constituintes.

Doc. 1. Discurso pronunciado por Emilio Castelar nas Cortes a véspera da proclamación da República:

“Señores deputados, aquí o partido republicano non reivindica a gloria que sería para el destruír a Monarquía. [...] Non, ninguén destruíu a Monarquía en España; ninguén a matou. Eu, que tanto contribuí a que este momento viñese, eu debo dicir que non sinto na miña conciencia, non, o mérito de concluír coa Monarquía. Señores, con Fernando VII morreu a Monarquía tradicional; coa fuga de dona Isabel II, a Monarquía parlamentaria; coa renuncia de don Amadeo de Savoia, a Monarquía democrática; ninguén acabou con ela; morreu por si mesma”.

Doc. 2. Proxecto de Constitución federal da república española, 17 de xuño de 1873:

“Art. 39. A forma de goberno da Nación española é a República federal.

Art. 41. Todos os poderes son electivos, amovibles e responsables.

Art. 42. A soberanía reside en todos os cidadáns, e é exercida en representación súa polos organismos políticos da República constituída por medio do sufraxio universal.

Art. 43. Estes organismos son: O Municipio. O Estado rexional. O Estado federal ou Nación”.

Doc. 3. Manifesto da Xunta Revolucionaria de Cartaxena, 12 de xullo de 1873:

“CARTAXENEROS: Os que pola vontade da maioría do pobo republicano desta localidade constituímos a Xunta de Saúde Pública da mesma, temos o deber imprescindible de facer unha declaración categórica [...] dos nosos principios. Proclamada como forma de goberno para España a República Federal, o pobo republicano, na súa inmensa maioría reclamaba, [...] que se organizase a Federación establecendo inmediatamente a división rexional dos cantóns e dando a estes e ao municipio a autonomía suspirada. A Xunta de Saúde Pública vén atender tan sacros intereses... Viva a República Federal! Viva a soberanía do pobo!”

Doc.4

Sabedes que é a Federación? A solución do gran problema político do século (...). Ou son autónomos o pobo e a provincia ou non son tampouco nin o individuo nin a nación. Se a nación é autónoma, é necesario que tamén o sexan todas as colectividades sociais, todas as agrupacións naturais; é dicir, o municipio e a provincia. (...) Nosoutros, polo noso sistema, recoñecemos autónomas todas as rexións da Península; autónomas política, administrativa e economicamente. Poderá cada unha, polo noso sistema, darse a Constitución que estime máis conveniente: terá o seu Goberno, as súas Cortes, os seus tribunais, a súa milicia, a súa administración, a súa Facenda e entenderá de forma exclusiva canto corresponda a súa vida interior. Fará, se quere, oficial o emprego da súa lingua no seu territorio, corraxirá ou derrogará antigas leis, promulgará as que considere esixidas pola razón e a xustiza e poderá codificalas libre- mente. Gozará, nunha palabra, de todas as atribucións que non sexan expresamente conferidos aos poderes federais. (...) No noso sistema (...) cada rexión é un Estado dentro do Estado, pero sen que mutuamente se invadan nin padeza ningún dos dous. Sistema máis racional, máis acomodado á natureza, máis flexible, máis apto para unir as nacións de toda a terra, non o concibiu ningún talento político. Adoptárono os tra- balladores cando quixeron organizarse internacionalmente e a el van incluso os que soñan coa total abolición do Estado.

Francisco PI I MARGALL. Leccións de controversia federalista e artigos doutrinais. 1906 [cas- telán]

- A crise política “*que favoreceu?*” → **Restauración** da monarquía (de aí o nome do réxime ou período da Restauración).
- *Como se fixo?* Cos intentos políticos de **Cánovas del Castillo**.
- Quen foi o novo candidato? **Alfonso de Borbón (futuro Alfonso XII)**, fillo de Isabel II.
- **Preséntase como un monarca constitucional e liberal no manifesto de Sandhurst**

- **Manifiesto de Sandhurst** (nome da academia de oficiais do exército británico).

Por virtud de la espontánea y solemne abdicación de mi augusta madre, tan generosa como infortunada, soy único representante yo del derecho monárquico en España. Arranca este de una legislación secular, confirmada por todos los precedentes históricos, y está indudablemente unida a las instituciones representativas, que nunca dejaron de funcionar legalmente durante los treinta y cinco años transcurridos desde que comenzó el reinado de mi madre hasta que, niño aún, pisé yo con todos los míos el suelo extranjero.

Huérfana la nación ahora de todo derecho público y privada de sus libertades, natural es que vuelva los ojos a su acostumbrado derecho constitucional y a aquellas libres instituciones que ni en 1812 le impidieron defender su independencia ni acabar en 1840 otra empeñada guerra civil. Debioles además, muchos años de progreso constante, de prosperidad, de crédito y aun de alguna gloria; años que no es fácil borrar del recuerdo cuando tantos son todavía los que los han conocido.

Por todo esto, sin duda, lo único que inspira ya confianza en España es una monarquía hereditaria y representativa, mirándola como irremplazable garantía de sus derechos e intereses desde las clases obreras hasta las más elevadas.

En el entretanto, no solo está hoy por tierra todo lo que en 1868 existía, sino cuanto se ha pretendido

desde entonces crear. Si de hecho se halla abolida la Constitución de 1845, hállese también de hecho abolida la que en 1869 se formó sobre la base inexistente ya de la Monarquía.

Si una Junta de Senadores y Diputados, sin ninguna forma legal constituida, decretó la República, bien pronto fueron disueltas las únicas cortes convocadas con el deliberado intento de plantear aquel régimen por las bayonetas de la guarnición de Madrid. Todas las cuestiones políticas están así pendientes, y aun reservadas, por parte de los actuales gobernantes, a la libre decisión del porvenir.

Afortunadamente la Monarquía hereditaria y constitucional posee en sus principios la necesaria flexibilidad y cuantas condiciones de acierto hacen falta para que todos los problemas que traiga su restablecimiento consigo sean resueltos de conformidad con los votos y la conveniencia de la nación.

Por mi parte, debo al infortunio estar en contacto con los hombres y las cosas de la Europa moderna, y si en ella no alcanza España una posición digna de su historia, y de consuno independiente y simpática, culpa mía no será ni ahora ni nunca. Sea la que quiera mi propia suerte ni dejaré de ser buen español, ni, como todos mis antepasados, buen católico, ni, como hombre del siglo, verdaderamente liberal.



CONSTITUCIONES ESPAÑOLAS (1812-1978)

CONSTITUCIÓN	1812 Guerra de la Independencia	1834 Regencia	1837 Regencia	1845 Isabel II	1856 Isabel II	1869 Sexenio	1873 I República	1876 Restauración	1931 II República	1978 Transición Democrática
VIGENCIA	1812-14, 1820-23, 1836-37		1837-45	1845-68	No promulgada	1869-74	No promulgada	1876-1923	1931-36	1978-hoy
SOBERANÍA	Nacional	Monarca	Nacional	Rey-Cortes	Nacional	Nacional	Popular	Rey-Cortes	Popular	Nacional
DERECHOS	Libertad, Propiedad, libertad de imprenta	No existe	Igualdad, Seguridad, Propiedad, Libertad: expresión, reunión, asociación	Igual que en 1837 pero será regulada por leyes posteriores	Libertad de prensa	Declaración de derechos naturales, absolutos e ilegibles	Igual que en 1869 pero más democrática	Igual que en 1869 pero serán regulados por leyes posteriores	Igual que en 1869. Tribunal de Garantías (derecho de amparo)	Derechos civiles, políticos, sociales, económicos y culturales.
RELIGIÓN	Confesional		Reconoce su práctica en España	Confesional	Tolerancia religiosa	Libertad de cultos	Libertad de cultos	Confesional. Tolerancia religiosa.	No confesional	No confesional
SUFRAGIO	Indirecto	Censitario 0,15%	Censitario 2,2%	Censitario 4,3%	Censitario	Universal masculino 24-27%	Universal	Mixto (Caciques 5%-27%)	Universal	Universal
PARLAMENTO	UNICAMERAL: CORTES	BICAMERAL: - Próceres - Procuradores	BICAMERAL: - Congreso - Senado (semielectivo)	BICAMERAL: - Congreso - Senado (designación real)	BICAMERAL: - Congreso - Senado (electivo)	BICAMERAL: - Congreso (directo) - Senado (indirecto)	BICAMERAL: - Congreso - Senado (federal)	BICAMERAL: - Congreso (electivo) - Senado (designación real y sufragio censitario)	UNICAMERAL: CORTES	BICAMERAL: - Congreso - Senado
DIVISIÓN DE PODERES	Sí	No	Sí	No	Sí	Sí	Sí Poder federal y relacional	No	Sí	Sí
FORMA DE GOBIERNO	Monarquía		Monarquía	Monarquía	Monarquía	Monarquía constitucional	República Federal	Monarquía	República de trabajadores de todas clases.	Monarquía constitucional
CARACTER Y OTROS DATOS	Liberalismo frente al Antiguo Régimen Crea: · Milicia Nacional · Instrucción Pública LIBERAL	ESTATUTO REAL Reglamento de convocatoria de Cortes CARTA OTORGADA	Liberal Consolida el régimen constitucional. Corona papel moderador. LIBERAL	Moderada Suprime: · Milicia Nacional · Juicio por jurados OLIGÁRQUICA	Progresista Crea: · Milicia Nacional · Juicio por jurados Supremacía del Congreso sobre el Senado LIBERAL PROGRESISTA	Liberalismo radical Monarquía y democracia. Juicio pro jurados. Obra de la burguesía revolucionaria. DEMOCRÁTICA	Republicana federal REPUBLICANA DEMOCRÁTICA	Burguesía de negocios Turno pacífico de los dos partidos dinásticos Régimen de las dos confianzas OLIGÁRQUICA	Repúblicanos y socialistas. Estado integral compatible con Autonomías. Hace posible la expropiación y la nacionalización . REPUBLICANA DEMOCRÁTICA	Consenso de partidos democráticos. Estado de las Autonomías. Tribunal constitucional, Defensor del Pueblo DEMOCRÁTICA

3 Desenvolve un tema a partir de documentos históricos.

Baséandote nos documentos que se presentan, debes realizar unha composición que teña por tema central a evolución política durante o Sexenio democrático (1868-1874). Debes comezar por comentar as circunstancias que conduciron á expulsión do trono de Isabel II e as aspiracións dos revolucionarios triunfantes (Doc. 1). A Constitución de 1869 supón a instauración dun novo réxime político, que debes caracterizar nos seus trazos esenciais (Doc. 2). As razóns do fracaso da fórmula monárquica (Doc. 3), a implantación do réxime republicano que a sucede e do proxecto federal (Doc. 4) que se intenta instaurar deben integrarse tamén na túa redacción. Para concluír, podes aludir ao fracaso final da República e á súa substitución por un novo réxime.

***Proba de Acceso á Universidade (Comisión Interuniversitaria de Galicia), opción 1 de setembro de 2008.**

DOC. 1. A REVOLUCIÓN DE 1868.

Aspiramos á liberdade de conciencia [...]. Imos, pois, establecer a liberdade de cultos.

Aspiramos á liberdade de sufraxio [...], proclamamos o sufraxio universal.

Aspiramos á liberdade da razón, e queremos o ensino libre, e que o pensamento escrito circule sen trabala.

Aspiramos, en fin, á liberdade económica e de asociación [...].

Queremos Cortes Constituíntes, expresión fiel da soberanía da Nación, para que promulguen unha Constitución [...].

Cidadáns: Viva a liberdade! Viva a soberanía nacional! Abaixo os Borbóns!

Proclama da Xunta de Goberno de Málaga onde se suma á Gloriosa,
27 de setembro de 1868

DOC. 2. CONSTITUCIÓN DE 1869.

A Nación Española, e no seu nome as Cortes Constituíntes, elixidas por sufraxio universal, desexando afianzar a xustiza, a liberdade e a seguridade, e prover ao ben de cantos vivan en España, decretan e sancionan a seguinte Constitución [...]:

Art. 17.º Tampouco pode ser privado ningún español: do dereito de emitir libremente as súas ideas e opinións, xa de palabra, xa por escrito [...]. Do dereito de reunirse pacificamente. Do dereito de asociarse para todos os fins da vida humana que non sexan contrarios á moral pública [...].


Art. 32.º A soberanía reside esencialmente na nación, da cal emanan todos os poderes.

Art. 33.º A forma de goberno da Nación Española é a Monarquía.

Art. 34.º A potestade de facer as leis reside nas Cortes. O Rei sanciona e promulga as leis.

Art. 35.º O poder executivo reside no Rei, que o exerce por medio dos ministros.

Art. 36.º Os tribunais exercen o poder xudicial.



REUNIÓN DE DEMÓCRATAS EN BARCELONA, 1869.

DOC. 3. ABDICACIÓN DE AMADEO I (11 DE FEBREIRO DE 1873).

Dous anos longos hai que cingo a coroa de España, e a España vive en constante loita, vendo cada día máis distante a era de paz que tanto desexo [...]. Todos invocan o doce nome da patria, todos pelexan e se axitan polo seu ben; e entre o fragor do combate, entre o confuso, atronador e contradictorio clamor dos partidos, entre tantas e tan opostas manifestacións da opinión pública, é imposible afirmar cal é a verdadeira, e máis imposible aínda atopar o remedio para tamaños males. Busqueino dentro da lei ansiosamente e non o atopei. Fóra da lei non ha buscalo quen prometeu observala [...].

Estas son, señores deputados, as razóns que me movern a devolver á nación, e no seu nome a vós, a Coroa que me ofreceu o voto nacional [...].

DOC. 4. PROXECTO DE CONSTITUCIÓN FEDERAL DE 1873.

Art. 1.º Compoñen a Nación Española os Estados de Andalucía Alta, Andalucía Baixa, Aragón, Asturias, Baleares, Canarias [...].

Art. 39.º A forma de goberno da Nación Española é a República federal [...].

Art. 42.º A soberanía reside en todos os cidadáns, e exerceuse en representación súa polos organismos políticos da República constituída por medio do sufraxio universal.

Art. 43.º Estes organismos son: o Municipio, o Estado rexional, o Estado federal ou Nación [...].

Art. 45.º O poder da Federación divídese en poder lexislativo, poder executivo, poder xudicial e poder de relación entre estes poderes.